

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 6 /2021

#### SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE MAIO DE 2021

#### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** (Ordinaria do 28.04 e extraordinaria e urxente do 4.05.2021).

#### **Ditames das comisións informativas:**

#### ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.** Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 1º trimestre do 2021, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 182/143 (Rexistro Pleno 2931/1101)

#### **Mocións:**

- 3.** Moción do concelleiro membro non adscrito, sobre as peaxes das autovías galegas. Rexistro Pleno 2946/1101.
- 4.** Moción do grupo municipal Mixto, a favor da liberalización das patentes das vacinas contra a COVID. Rexistro Pleno 2944/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a consignar o triplo da cantidade que en cada momento se estableza como asignación a Santiago de Compostela pola súa condición de capital de Galicia. Rexistro Pleno 2947/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia á emisión do preceptivo informe que permita a execución polo Concello de Vigo das obras de modernización e ampliación da estación de tratamento de auga potable (ETAP) de O Casal. Rexistro Pleno 2948/1101.
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a iniciar unha rolda de contactos e consultas cos concellos de Galicia para que presenten as súas manifestacións de interese dos proxectos a executar no contexto dos Fondos Next Generación e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2949/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 1 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia que modifique a normativa reguladora da Renda de Inclusión Social de Galicia, co obxecto de facela complementaria e compatible co Ingreso Mínimo Vital. Rexistro Pleno 2950/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a comprometer a execución do Instituto de Navia e a redactar o proxecto de xeito inmediato para garantir que Navia poda contar cun instituto no menor prazo posible. Rexistro Pleno 2951-1101.

### **PARTE DE CONTROL**

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 19.04 ao 17.05.2021. Expte. 1022/1102 (Rexistro Pleno 2941/1101).
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 19.04 ao 17.05.2021. Expte. 1023/1102 (Rexistro Pleno 2942/1101).

#### **Mocións.**

12. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando a Ministerio de Transportes e ao goberno local a executar as obras de ampliación da Avda. do Aeroporto e da Avda. do Tranvía para dotar ao IFEVI duns accesos para dar servizo, así como a reforzar o servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros. Rexistro Pleno 2952/1101.
13. **Formulación de rogos.**
14. **Formulación de preguntas.**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón (P)  
 Aguiar Castro Yolanda (T)  
 Aneiros Pereira Jaime (P e T)  
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores (T)  
 Caride Estévez María José (P)  
 Espinosa Mangana Elena (P)  
 Estévez Rodríguez Pablo Luis (T)  
 Fernández Pérez José Manuel (T)  
 Gómez Díaz Gorka(P)  
 Iglesias González Ana Laura (T)  
 Lago Barreiro María del Carmen (T)  
 López Font Carlos (P)  
 Losada Alvarez Abel Fermín (T)  
 Mejías Sacaluga Ana Maria (T)

##### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa (T)  
 González Castillo Jesús Marco (T)  
 López Román Patricia (T)  
 Marnotes González José Alfonso (P)

##### POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (T)  
 Pérez Correa Ruben (P)

##### MEMBRO NON ADSCRITO



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 2 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Pardo Espiñeira Francisco Javier (P)      Pérez Igrexas Xabier (P)  
 Rivas González Ángel (T)  
 Rodríguez Calviño Patricia (T)  
 Rodríguez Díaz Santos Héctor (T)  
 Rodríguez Rodríguez Nuria (T)  
 Silva Rego M<sup>a</sup> Carmen (P)

Con motivo da situación sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 e de conformidade co sinalado na Resolución de 12.06.2020 da Secretaría xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a sesión celébrase mediante asistencia presencial (P) e asistencia telemática por videoconferencia (T).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo sendo as nove horas e cinco minutos do día vinte e seis de maio do ano dous mil vinteun, baixo a Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abél Ramón Caballero Álvarez e a asistencia presencial e telemática dos concelleiros e concelleiras relacionados, actuando como Secretario Xeral do Pleno D. Jose Riesgo Boluda, presente na Sala, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación municipal do Concello de Vigo en sesión ORDINARIA conforme Resolución de convocatoria de data vinte e un de maio.

Está presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, D. Alberto Escaríz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1.(88). ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 28.04 E EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 4.05.2021).**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas ordinaria do 28 de abril e extraordinaria e urxente do 4 de maio de 2021

#### **2.(89). DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2021, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 182/143 (REXISTRO PLENO 2931/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 22 de abril de 2021, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Facenda, emite o seguinte informe,

“Normativa



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 3 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2021.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2021, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao PRIMEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de MARZO de 2021.

Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Xúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 31/03/2021, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

Achégase as anulacións e cancelacións de dereitos de corrente e pechados, así como as devolucións de ingresos.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Achégase o estado de Remanente de tesourería consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Incorpórase o estado de Tesourería da Entidade e o do Organismo Autónomo e o consolidado.

As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 4 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Resultado orzamentario consolidado.

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar. A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 19.05.21, quedou informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO. O Pleno da Corporación queda enterado do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 1º trimestre do 2021.

*Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

*Incidencia. Auséntase da sesión o Sr. Presidente e a primeira tenente de alcalde, Sr. Silva Rego. Ocupa a Presidencia a terceira tenente de alcalde, Sra. Espinosa Mangana.*

### MOCIÓNS RESOLUTIVAS:

#### **3.(90). MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS. REXISTRO PLENO 2946/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2021, número 2946/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

#### SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“O Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 5 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custe para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custe duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento galego aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP9 e a AP53. Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías da Xunta de Galiza con peaxes ás persoas usuarias, a AG55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1. Amosar a rotunda oposición do Concello de Vigo á intención do Goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, que incrementa a inseguridade viaria e que supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.
2. Dar traslado do acordo do primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.
3. Instar a Xunta de Galiza á redución e paulatina eliminación das peaxes da AG55 e AG57, de titularidade da administración galega, polo agravio que supón para as persoas residentes e empresas das respectivas comarcas polas que transcorren."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 6 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

*O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, presenta unha emenda "In voce" que quere eliminar o parágrafo "...á intención do Goberno Central de..." do primeiro punto e eliminar totalmente o segundo punto.*

*A emenda é aceptada polo relator da moción, Sr. Pérez Igrexas.*

PRESIDENCIA: Procédese á votación por puntos:

VOTACIÓN PUNTO Nº 1: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, queda aprobado o punto nº 1.

VOTACIÓN PUNTO Nº 3: Con vinte e un votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, queda aprobado o punto nº 3, adoptándose o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2021 (Rex. Nº 2946/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto do acordo queda do seguinte xeito:

1.- Amosar a rotunda oposición do Concello de Vigo a establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, que incrementa a inseguridade viaria e que supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2.- Instar a Xunta de Galiza á redución e paulatina eliminación das peaxes da AG55 e AG57, de titularidade da administración galega, polo agravio que supón para as persoas residentes e empresas das respectivas comarcas polas que transcorren.

#### **4.(91). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, A FAVOR DA LIBERALIZACIÓN DAS PATENTES DAS VACINAS CONTRA A COVID. REXISTRO PLENO 2944/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2021, número 2944/1101, o concelleiro e concelleira membros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

MOCIÓN A FAVOR DA LIBERALIZACIÓN DAS PATENTES DAS VACINAS CONTRA A COVID.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 7 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“A pandemia por COVID-19, con 158 millóns de persoas infectadas e 3,8 millóns de mortos Segundo as últimas estatísticas, é unha das crises de maior impacto sanitario e socialdo ultimo século.

O acceso ás vacinas no Estado español é, en principio, universal, nunha campaña baseada en criterios epidemiolóxicos. Non obstante, os grandes centros de vacinación, que poden ser de utilidade para chegar a unha parte importante da poboación, supoñen dificultades de acceso a determinado tipo de poboación como as persoas maiores ou a quen viven nas zonas rurais, se carecen de medios de transporte. En ocasións, os insuficientes medios, como a finalización das contratacións Covid-19 e a falta de novas contratacións, dificultan a planificación da vacinación e o cumprimento dos obxectivos no tempo estipulado.

O acceso universal ás vacinas tamén se ve minguado pola dificultade de acceso, seguemento e control das persoas inmigrantes. Este feito supón un problemade saúde, non só para estas persoas, senón para a poboación en xeral, posto que na eficacia da campaña de vacinación inflúe o número total de poboación vacinada, xa que a enfermidade e o seu contaxio non entende de nacionalidades ou fronteiras.

A carreira pola vacinación, para protexer no menor tempo posible ao maior número de poboación, converteuse na estratexia prioritaria, se ben a falta de vacinas contra a covid-19 e o incumprimento dos contratos de suministro, está sendo un gran problema a nivel europeo. Ademais, existe unha grave faltade vacinación nos países empobrecidos, froito da utilización das vacinas como unha mercadoría máis e, nalgúns deses países, como paradoxo, son grandes produtores de vacinas. Dende o noso punto de vista, é prioritario que este tipo de políticas de vacinación da poboación se leven a termo non só nos países do Norte, senón tamén que se exerza a solidariedade co resto de países cuxa taxa de vacinación é moitísimo máis baixa.

A extension da covid-19 converteuse nun problema que afecta especialmente ás zonas máis pobres do mundo: países de renda baixa ou en conflito que nin sequera teñen a capacidade de realizar contratos coas farmacéuticas para disport das vacinas, o que deriva nunha discriminación no acceso á sanidade e aos medicamentos marcada pola súa capacidade económica e non pola necesidade ou afectación da pandemia.

Ata que Estados Unidos non propuxo a liberalización das patentes das vacinas do coronavirus, a Unión Europea non tivo en conta a saúde das persoas dos paísesdo sur como un obxectivo prioritario. É, entón, cando gran parte da sociedade comezou a tomar conciencia da necesidade de intervir no resto do Mundo como forma de prever a transmisión de enfermidades en Occidente.

Este feito prodúcese nun contexto no que unha parte importante da poboación de Estados Unidos e Europa está xa vacinada. Ata ese momento, ambas potencias posicionáranse contra a liberalición das patentes, caíndo incluso en dificultades de suministro debido á estratexia egoísta das farmacéuticas e as oscilacións do Mercado. Agora ben, a liberación das patentes por si mesma, sen ter en conta outros factores, coma os suministros e a posta en común da información que teñen no seu poder os laboratorios para pór en práctica unha fabricación masiva, non funcionará. É importante, ademais de liberar as patentes, exercer un control e unha distribución xusta e equitativa sobre as materias primas, para evitar unha batalla entre laboratorios na cadea de suministros.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 8 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Neste contexto, as empresas farmacéuticas mantiveron a súa práctica habitual de controlesticto sobre os dereitos de propiedade intelectual de monopolios sobrevacinas e tratamentos, malia a grande inversión pública realizada na investigación básica e no desenvolvemento das vacinas, sen as que non se descubrirían as vacinas contra a enfermidade en pouco máis dun ano.

Os dirixentes da Unión Europea decidiron financiar con cartos públicos á Big Pharma e, ao mesmo tempo, permiten a determinadas empresas farmacéuticas manter a exclusividade das patentes, é dicir, a propiedade intelectual, o que impide a produción masiva de vacinas por parte dos Estados. Antepónse, así, o beneficio multimillonario das empresas ao interese xeral e á produción masiva dun medicamento esencial.

A defensada industria privada fronte ao benestar dos cidadáns é un comportamento que casa coa tendencia neoliberal que domino a forma de xestionar diferentes crises. A Comisión Europea, en épocas non moi afastadas no tempo, defendeu a redución do gasto público para todos os países. Non obstante, tamén se escoitaron voces contrarias a esta proposta, como a do eurodeputado Marc Botenga, quen denunciaba que, malia Europa ter financiado con cartos públicos as vacinas, a propiedade intelectual é 100% propiedade da empresa privada, o que permite que a farmacéutica controle e decida sobre a produción e o número de doses.

O Parlamento Europeo visibilizou esta problemática, xa que 115 eurodeputados propuxeron á Comisión Europea e aos membros do ADPIC (Acordo sobre os aspectos dos Dereitos de Propiedade Intelectual relacionados co Comercio), da OMC (Organización Mundial do Comercio), que todos os países poidan producir vacinas. Existen, ademais, varias iniciativas no seo da Unión Europea, como a Righ2Cure, organizacións sanitarias como Medicus Mundi, a Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública, Asociacións polo acceso a Medicamentos Xustos, Plataforma de afectados pola Hepatite C ou Farmamundi e multitude de científicos e expertos.

A estratexia Covax, promovida tamén pola Organización Mundialda Saúde (OMS), xunto á Coalición para a Promoción de Innovacións en pro da Preparación ante Epidemias (CEPI) e a Alianza Global para as Vacinas, para suministrar vacinas aos países de rendas máis baixas tamén se está demostrando insuficiente debido ao acaparamento das vacinas por parte dos países ricos.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

#### ACORDOS:

1.- O Pleno do Concello de Vigo manifesta que o dereito á atención sanitaria en igualdade de condicións é un dereito prioritario, antepoñendo a súa garantía ao beneficio privado; polo que as vacinas e os tratamentos contra as pandemias deben considerarse un ben público de acceso universal. Polo que os dereitos de propiedade intelectual, incluídas as patentes, e o control das materias primas, non deben dificultar a accesibilidade ou a disponibilidad de calquera vacina ou tratamento para a Covid19.

2.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno español a manifestar clara e explicitamente o seu apoio á exención de patentes de vacinas e promover e defender, por todos os medios, dita exención en todos os organismos europeos e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 9 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

mundiais, así como o reparto xusto das mesmas e un control sobre os suministros de materias primas.

3.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno central e á Xunta de Galicia a reforzar as políticas europeas comúns en materia de saúde, normalizando as fórmulas estatísticas e establecendo políticas comúns obrigatorias de forma continua. Con tal obxe tivo, solicítase ao Goberno do Estado que pida á Unión Europea: "Dotar ao Centro europeo de control de enfermidades e políticas sanitarias de funcións de coordinación que resulten de obrigado cumprimento para os Estados Membro. Este organismo debe ter funcións de coordinación cos diferentes centros nacionais de epidemioloxía, converténdose, así, nun Centro europeo de epidemioloxía e control de pandemias."

4.- O Pleno do Concello de Vigo insta á Unión Europea a sumarse á solicitude de apertura de patentes levada a cabo por India e Sudáfrica no seo da OMC, de cara a liberalizar as aptentes das vacinas anti-covid19 mentres dure a pandemia, co obxectivo de facilitar a produción destas vacinas por parte dos Estados.

5.- O Pleno do Concello de Vigo insta a esixir, no seo da Unión Europea, a que se inste á Axencia Europea do Medicamento a tomar unha decisión de forma inmediata sobre a autorización de todas as vacinas contra a Covid19 dispoñibles, co obxectivo de salvar o maior número de vidas posible e, deste xeito, evitar que a enfermidade se convirta en endémica.

6.- O Pleno do Concello insta á Xunta de Galicia a garantir o acceso en Galicia a todas as persoas en igualdade de condicións, conforme a criterios científicos. Facilitar, con tal obxectivo, o acceso sinxelo aos habitantes do medio rural, fomentando a vacinación nos seus centros de saúde próximos ou no seu domicilio, cando non sexa posible mobilizar á persoa, mediante a contratación de persoal suficiente para garantir a campaña de vacinación sen saturar o persoal sanitario."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

*Incidencia: O Sr. Aneiros Pereira abandona a sesión presencialmente e pasase a presenza telemática.*

*Incidencia. Atópase ausente da sesión no momento da votación o Sr. Pardo Espiñeira.*

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 10 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Aprobar a Moción presentada, en data 20.05.2021 (Rex. Nº 2944/1101), polo concelleiro e concelleira membros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.(92). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CONSIGNAR O TRIPLO DA CANTIDADE QUE EN CADA MOMENTO SE ESTABLEZA COMO ASIGNACIÓN A SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA SÚA CONDICIÓN DE CAPITAL DE GALICIA. REXISTRO PLENO 2947/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2021, número 2947/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Na actualidade o Concello de Santiago, vía presuposto da Xunta de Galicia, ten asignada unha partida de 2,3 millóns de euros en concepto de capitalidade.

A esta significativa asignación úneselle outras achegas en materia de cultura e de infraestruturas.

Vigo, como a cidade máis poboada de Galicia e con maior peso industrial, contempla como se asignan inxentes recursos económicos, ano tras ano, a unha parte do territorio de Galicia con menos poboación e cunha menor necesidade de servizos públicos e infraestruturas.

Desde Vigo non se quere confrontar con outros territorios pero si reclamar que as achegas da Xunta de Galicia deben chegar proporcionalmente aos territorios en función de todas as súas características e peso na economía e actividade social de Galicia.

A capitalidade non se pode converter nun privilexio. Vigo, triplicando a poboación de Santiago, debe percibir o triplo da asignación que en todo momento establézase pola Xunta de Galicia.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a consignar, anualmente e con carácter adicional á participación ordinaria nos ingresos da Comunidade Autónoma, o triplo da cantidade que en cada momento se estableza como asignación a Santiago de Compostela pola súa condición de capital de Galicia.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

*Incidencia. Incorpórase o Sr. Pardo Espiñeira, pero non se visualiza telematicamente nin a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez nin ao concelleiro, Sr. Losada Alvarez.*

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 11 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2021 (Rex. Nº 2947/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**6.(93). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á EMISIÓN DO PRECEPTIVO INFORME QUE PERMITA A EXECUCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DAS OBRAS DE MODERNIZACIÓN E AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE (ETAP) DE O CASAL. REXISTRO PLENO 2948/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2021, número 2948/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 30 de marzo de 2020 o Concello de Vigo ten remitido á Xunta de Galicia a solicitude de informe vinculante en materia sanitaria para a execución do proxecto de modernización e ampliación da estación de tratamento de auga potable (ETAP) de O Casal remitindo a documentación indicada na “Guía para a emisión de informe sanitario sobre o proxecto de construción de novos abastecementos ou infraestruturas de auga da Consellería de Sanidade”

O Real Decreto 140/2013 polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano establece no seu artigo 13 que “en todo proxecto de construción dunha nova captación, conducción, ETAP, rede de abastecemento ou rede de distribución (cunha lonxitude maior a 500 metros), depósito da rede de distribución ou remodelación do existente, a autoridade sanitaria elaborará un informe sanitario vinculante, antes de dous meses trala presentación da documentación por parte do xestor”

Fai xa 15 meses da primeira solicitude na que reiteradamente a Xunta de Galicia ven requirindo documentación incumprindo continuamente o prazo legal e impedindo que o Concello de Vigo, que ven dando pronta resposta a cada requirimento, execute a modernización dunha infraestrutura básica para garantir no futuro o abastecemento de auga potable á cidade de Vigo e municipios da comarca (Moaña, Cangas, Redondela e Mos)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 12 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Á vista da actuación da Xunta de Galicia en grave prexuízo dos cidadáns de Vigo e dos municipios citados é polo que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar da Xunta de Galicia á emisión á maior urxencia do preceptivo informe que permita a execución polo Concello de Vigo das obras de modernización e ampliación da estación de tratamento de auga potable (ETAP) de O Casal, que leva un ano de retraso.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

*Incidencia. Non se visualiza telematicamente ao concelleiro, Sr. Losada Alvarez.*

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

#### ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2021 (Rex. Nº 2948/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

*Incidencia. Auséntase da sesión o concelleiro, Sr. Pardo Espiñeira*

#### **7.(94). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INICIAR UNHA ROLDA DE CONTACTOS E CONSULTAS COS CONCELLOS DE GALICIA PARA QUE PRESENTEN AS SÚAS MANIFESTACIÓNS DE INTERESE DOS PROXECTOS A EXECUTAR NO CONTEXTO DOS FONDOS NEXT GENERATION E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2949/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2021, número 2949/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“O pasado día 30 de abril remataba o prazo para que o Estado español remitise á Comisión Europea o denominado Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, Plan que constitúe a expresión dos investimentos e reformas que se pretenden levar a



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 13 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

cabo no conxunto do Estado de acordo coas premisas negociadas no Consello Europeo no mes de xullo do ano 2020.

Previamente á remisión do Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, no ámbito de cada Ministerio do Goberno de España, abríase unha ventanilla para que as administracións, empresas e entidades interesadas en financiar proxectos con cargo aos Fondos Next Generación fixesen formulación da denominada “ Manifestación de Interese”

O obxectivo das Manifestacións de Interese é, en resumidas contas, recoller ideas, identificar proxectos en diferentes áreas de interese susceptibles de captar fondos NG, para deste xeito elaborar polo Goberno de España as convocatorias de axudas que rexerán na adxudicación dos proxectos.

De acordo coa información facilitada pola Xunta de Galicia, o Goberno galego ten remitido ao Estado un total de 354 proxectos (107 públicos e 247 do sector privado) para a súa incorporación o Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia.

A denominada candidatura galega aos fondos Next Generation conformouse de xeito totalmente opaco, sen transparencia e sen coñecemento algún das forzas políticas e dos concellos que, en moitos casos, serán os responsables de executar os ditos proxectos.

Ao contrario do que sucedeu noutras comunidades autónomas como País Vasco, Valencia, Baleares... etc, que si lanzaron convocatorias de Manifestacións de Interese para conformar as respectivas candidaturas autonómicas con carácter previo o día 30 de abril, en paralelo as Manifestacións de Interese lanzadas a nivel estatal polos ministerios, Galicia non fixo absolutamente nada.

Concretamente, dende Política Social do Concello de Vigo, xa no mes de febreiro, remitiuse á Xunta de Galicia comunicación dos proxectos que dende Vigo se queren levar adiante no eido da modernización dos servizos sociais, do coidado das persoas, da inclusión social dos máis vulnerables. A día de hoxe a Xunta de Galicia segue a dar a calada por resposta.

Resulta chamativa a falta de colaboración da Xunta de Galiza cos concellos, tanto na remisión de información como na súa participación. Falla de transparencia e obscurantismo da Xunta de Galicia, coma sempre.

Por esta razón, chama a atención que o Goberno galego, novamente instalado na propaganda permanente, anuncie o pasado 30 de abril convocatorias de Manifestacións de Interese a respecto dos proxectos europeos unha vez que o Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia xa está remitido a Bruxelas e toda vez que o Goberno galego xa ten anunciado (que non explicado) os 354 proxectos da denominada candidatura galega.

E chama aínda máis a atención que as ditas manifestacións de interese, no caso de Política Social, se abran rematado o prazo de remisión dos proxectos, e exclusivamente dirixidas a empresas e entidades do terceiro sector, sen contar, unha vez máis, cos Concellos que son os que xestionan os servizos sociais comunitarios básicos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 14 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

**ACORDO**

- Instar á Xunta de Galicia a iniciar de xeito inmediato una rolda de contactos e consultas cos Concellos de Galicia para que presenten as súas manifestacións de interese dos proxectos a executar no contexto dos Fondos Next Generation.
- Instar á Xunta de Galicia a facer público o contido dos proxectos xa remitidos ao Goberno de España na denominada candidatura Galega e facer partícipes aos Concellos.
- Instar á Xunta de Galicia a responder ao Concello de Vigo sobor dos proxectos en materia de Política Social incluídos na estratexia Next Generation que ten previsto executar na cidade de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

*Incidencia. Non se visualiza ao concelleiro Sr. Losada Alvarez.*

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2021 (Rex. Nº 2949/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**8.(95). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE MODIFIQUE A NORMATIVA REGULADORA DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA, CO OBXECTO DE FACELA COMPLEMENTARIA E COMPATIBLE CO INGRESO MÍNIMO VITAL. REXISTRO PLENO 2950/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2021, número 2950/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“A aprobación por parte do Goberno de España do Ingreso Mínimo Vital supuxo un fito nas políticas de loita contra a pobreza en España, máxime en Comunidades



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 15 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Autónomas como Galicia, na que o 24,3% dos galegos e galegas se atopan en risco de pobreza e o 7,9% é dicir, máis de 200.000 persoas, están en situación de pobreza severa, segundo o índice AROPE. A taxa de risco de pobreza situábase en Galicia, antes da pandemia, no 20%

Con este fin, o lexislador estatal decidiu excluír expresamente do cómputo de ingresos as prestacións autonómicas concedidas en concepto de rendas, configurando o IMV como como unha prestación "solo", compatible *"coas prestacións autonómicas que as comunidades autónomas, no exercicio das súas competencias estatutarias, podan conceder en concepto de rendas mínimas, tanto en termos de cobertura como de xenerosidade"*

Despois de case un ano da entrada en vigor desta prestación e con estes datos alarmantes de risco de pobreza en Galicia, a Xunta de Galicia aínda non foi quen de reconfigurar a Renda de Inclusión Social de Galicia de xeito que poida ser unha renda complementaria do Ingreso Mínimo Vital para, entre outras cousas, ser un complementemto imprescindible para o acceso á vivenda das persoas en situación de exclusión social.

A día de hoxe a Xunta de Galicia ten dado de baixa na Renda de Inclusión Social a milleiros de galegos e galegas, que pasaron a percibir o Ingreso Mínimo Vital, a pesares de ter recibido do Goberno de España millóns de euros para facer fronte á crise social derivada da pandemia, dos que non transferiron nin un euro aos Concellos galegos.

É dicir, o Goberno de Feijoo non só non complementa -como debería ser a súa obriga - a renda básica do Estado, senón que máis dun 10% dos beneficiarios desta prestación autonómica perderon o seu dereito, co conseguinte aforro económico para a Xunta de Galicia. O Goberno de Feijoo segue a facer caixa cos fondos do Goberno de España, en detrimento dos máis vulnerables.

Todo isto cando a taxa de cobertura da RISGA é unha das máis baixas do Estado. Só un 6,3% das persoas que viven por debaixo do umbral da pobreza acceden a esta prestación do Goberno galego, namentras que a media española sitúase no 8% e en comunidades coma Euskadi ou Navarra a taxa de cobertura achégase ao 70%

Non conformes con este panorama desolador nunha crise económica e social sen precedentes, a Xunta de Galicia está a requirir aos máis vulnerables as contías percibidas de Renda de Inserción Social dende a solicitude do Ingreso Mínimo Vital e esixindo a súa devolución.

Neste contexto de crise económica, social, sanitaria, o Goberno galego, que non ten feito absolutamente nada coa reforma da normativa da Renda de Inclusión Social de Galicia para complementar a prestación estatal, o único que está a facer e enviar cartas ás persoas ao borde da quebra persoal e económica para que reembolsen o que seguiron cobrando en tanto non lles viña recoñecido o Ingreso Mínimo Vital.

O número de afectados en toda Galicia podería superar os 3.000, a quen agora a Xunta de Galicia quere asfixiar aínda máis. O Goberno galego, unha vez máis, culpando ao Goberno de España, cando é unha das poucas Comunidades Autónomas que prevé como incompatible a renda autonómica coa prestación do INSS.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 16 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



O Ingreso Mínimo Vital fixa unha renda mínima, pero son as Comunidades Autónomas, no ámbito das súas competencias as que poden fixar un teito e complementar a renda do Estado. Así o teñen feito numerosas comunidades autónomas como Navarra, País Vasco, Aragón, etc.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

**ACORDO**

- Instar á Xunta de Galicia a que, de forma urxente, modifique a normativa reguladora da Renda de Inclusión Social de Galicia, co obxecto de facela complementaria e compatible co Ingreso Mínimo Vital, ampliando ademais a súa cobertura para, entre outras cousas, facilitar o acceso á vivenda.
- Instar á Xunta de Galicia á busca dunha solución urxente para as familias afectadas por esta regularización inasumible e extemporánea do Goberno do PP, dado que o Goberno galego non fixo nada por prever este tipo de situacións de incompatibilidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

*Incidencia. Non se visualiza aos concelleiros, Sr. Losada Alvarez, Estevez Rodríguez e Rivas González.*

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2021 (Rex. Nº 2950/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**9.(96). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A COMPROMETER A EXECUCIÓN DO INSTITUTO DE NAVIA E A REDACTAR O PROXECTO DE XEITO INMEDIATO PARA GARANTIR QUE NAVIA PODA CONTAR CUN INSTITUTO NO MENOR PRAZO POSIBLE. REXISTRO PLENO 2951-1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2021, número 2951/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra.Caride Estévez, formula a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 17 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## MOCIÓN

“En Febreiro de 2020 o Alcalde Vigo remitiu a Xunta de Galicia un PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CONSTRUCIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN INSTITUTO DE ENSINANZA SECUNDARIA (IES) EN SAN PAIO DE NAVIA, VIGO.

Dito Protocolo Xeral de Actuación, ao amparo do disposto no segundo parágrafo do artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece o marco xeral e o obxectivo común de colaboración entre a, naquel intre, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e o concello de Vigo co fin de construír un novo Instituto de Educación Secundaria (IES) en San Paio de Navia, Vigo, o fin de procurar unha mellora substantiva no servizo público educativo na Cidade.

Para tal fin, o protocolo establecía as seguintes liñas de acción, propostas de colaboración e comisión de seguimento.

## Liñas de actuación

A liña de actuación a desenvolver para a consecución do fin pretendido concrétese na colaboración e cooperación de ambas Administracións Públicas; a este efecto o Protocolo constitúe a expresión dunha vontade de impulso para acadar o obxectivo de interese público de construír a dotación mencionada.

A colaboración das partes para o logro do fin exposto debe concretarse, entre outras, nas seguintes actuacións:

- O concello de Vigo impulsará á aprobación definitiva da Segunda modificación do Plan Parcial de Navia.
- O concello de Vigo, vixente a aprobación definitiva do instrumento urbanístico, e no momento no que a Xunta de Galicia adscriba as parcelas dotacionais públicas á Administración municipal, impulsará a tramitación e instrución dun expediente patrimonial que teña por obxecto a cesión gratuíta á Administración autonómica dunha parcela da súa titularidade localizada no ámbito do Plan Parcial apta na súa situación, forma, superficie e características urbanísticas para construír nela o Instituto de Ensinanza Secundaria (IES) de San Paio de Navia. Os efectos sinalados enténdese como apta a parcela dotacional EQ-III B denominada E5, de 12.576 m<sup>2</sup> (axúntase plano de situación e deslinde como Anexo I)
- A consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia manifesta a súa vontade de realizar os estudos previos e os trámites necesarios que conclúan na redacción dos proxectos arquitectónicos do novo Centro Educativo e na mesma construción de tal novo Centro.

Ambas partes, dada a urxencia e inaprazable necesidade do servizo educativo, manifestan a súa vontade, propósito e intención de que o novo IES de Navia sexa a primeira edificación en uso no ámbito da segunda modificación do Plan Parcial de Navia.

As partes manifestan a súa vontade de especificar e concretar, no prazo dos tres meses seguintes á data de sinatura do presente Protocolo, as liñas de actuación e colaboración expostas mediante a negociación e sinatura dun Convenio



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 18 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

interadministrativo de colaboración, artigo 47.2.a) Lei 40/2015, que determine para ambas compromisos xurídicos concretos e esixibles.

### Colaboración das partes

I. O concello de Vigo, no seu propósito de cooperación, co obxectivo de dar resposta ás demandas e necesidades presentes e futuras da comunidade veciñal e dos estudantes de Vigo e de Navia, manifesta a súa vontade de determinar, avaliar e concretar no futuro Convenio que propoña a Comisión de Seguimento as seguintes actuacións:

- Instruír e tramitar expediente patrimonial que teña por obxecto a cesión gratuíta á Administración Autonómica (Xunta de Galicia) dunha parcela de titularidade municipal localizada no ámbito do Plan Parcial de Navia.

II. A consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, no seu propósito de dar resposta ás demandas e necesidades presentes e futuras da comunidade veciñal e dos estudantes de Vigo e de Navia, manifesta a súa vontade de determinar, avaliar e concretar nun futuro Convenio que propoña a Comisión de Seguimento as seguintes actuacións:

- Licitación con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia no prazo máximo dun mes dende a entrada en vigor da aprobación definitiva da segunda modificación do Plan Parcial de Navia, a redacción dos proxectos técnicos necesarios (básico e de execución) para a construción do novo Centro Educativo.

- Licitación con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia no prazo máximo dun ano dende a entrada en vigor da aprobación definitiva da segunda modificación do Plan Parcial de Navia a execución das obras do novo Centro Educativo, a súa urbanización e o seu equipamento o fin da súa posta en funcionamento no prazo máximo de dous anos dende a data indicada.

### Comisión de Seguimento

No prazo do mes seguinte o de sinatura deste documento constituirase na sede da consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e previa convocatoria da conselleira, a Comisión Mixta de Seguimento do Protocolo integrada por tres membros de cada unha das partes a designar polos órganos competentes das mesmas. As funcións de secretario/a desempeñaranse polo vogal que as persoas integrantes da Comisión designen de mutuo acordo.

A Comisión ten por obxecto impulsar as actividades de colaboración previstas neste Protocolo, a tal efecto, previa elaboración de memoria xustificativa que analice a súa necesidade e oportunidade, propoñerá Convenio interadministrativo de colaboración, fomentará outros acordos específicos, interpretará o contido do presente Protocolo e resolverá as cuestións litixiosas e controversias que podan xurdir.

O obxecto de avanzar, impulsar e materializar o obxectivo pretendido, na reunión constitutiva da Comisión, ambas partes achegarán proxecto de Convenio colaboración que serva de documento de estudo e negociación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 19 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A Comisión poderá ser convocada a solicitude de calquera das partes e reunirse as veces que se consideren oportunas para a consecución da súa finalidade.

Logo de mais dun ano de espera pola resposta da Xunta de Galicia, a administración autonómica mantense allea e indiferente os problemas educativos de Vigo e de Navia.

Problemas que nos desaparecen senón que se multiplicarán ca ampliación de Navia en 1.600 novas vivendas.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a comprometer a execución do Instituto de Navia e redactar o proxecto de xeito inmediato para garantir que Navia poda contar cun instituto no menor prazo posible."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

*Incidencia. Non se visualiza aos concelleiros, Sr. Losada Alvarez e Estevez Rodríguez.*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

#### ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2021 (Rex. Nº 2951/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### PARTE DE CONTROL

#### **10.(97). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DO 19.04 AO 17.05.2021. EXPTE. 1022/1102 (REXISTRO PLENO 2941/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 19.04 ao 17.05.21) incluídas no expediente 1022/1102.

#### ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 20 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## **11.(98). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DO 19.04 AO 17.05.2021. EXPTE. 1023/1102 (REXISTRO PLENO 2942/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 19.04 ao 17.05.21) incluídas no expediente 1023/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

### **MOCIÓNS DE CONTROL.**

## **12.(99). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO A MINISTERIO DE TRANSPORTES E AO GOBERNO LOCAL A EXECUTAR AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AVDA. DO AEROPORTO E DA AVDA. DO TRANVÍA PARA DOTAR AO IFEVI DUNS ACCESOS PARA DAR SERVIZO, ASÍ COMO A REFORZAR O SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS. REXISTRO PLENO 2952/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2021, número 2952/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

### **MOCIÓN**

“O IFEVI é un dos recintos feirais máis grandes do Norte de España, nunha superficie de 100.000 m<sup>2</sup>, IFEVI estrutura este espazo en dúas áreas repartidas nun Edificio de Servizos, centro neurálxico do groso da actividade congresual e de espaxamento, e en 38.000 m<sup>2</sup> de superficie cuberta e pavillóns destinados principalmente a ser o centro de atención de feiras e salóns que en cada edición acollen unha ampla oferta multidisciplinar de lecer e negocio.

No IFEVI se celebran feiras internacionais como CONXEMAR ou NAVALIA e tamén eventos, algúns xa perdidos como o Concurso Internacional de Saltos, outros que foron recuperados como o Concurso de Rondallas ou concertos multitudinarios.

Logo da súa construción foi ampliado dúas veces pola Xunta de Galicia, no 2005 e no 2018 e agora a administración autonómica ten en marcha a terceira ampliación en 5.000 metros cadrados e un investimento de 6,73 millóns de euros, co que se levan investido máis de 21 M de euros na ampliación do recinto, que chegará aos 43.000 m<sup>2</sup>. Dende 2016 está unido ao aeroporto mediante unha pasarela peonil, que facilita a mobilidade, a accesibilidade e utilización do propio aparcamento da terminal.

A finalidade do IFEVI é, precisamente, acoller o máximo número de actividade que congregate ao máximo número de persoas posible maximizando a súa capacidade como centro expositor e de celebración de eventos.

O recinto está situado xunto á autoestrada, dende a que ten acceso xunto coas Avenidas do Aeroporto e do Tranvía, de titularidade municipal. E pese a que o recinto foi ampliado coa actual tres veces, o certo é que os accesos continúan como hai máis



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 21 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de vinte anos, o que provoca o colapso cada vez que se programa un evento como Conxemar ou as vacinacións que se levan a cabo estes días. Dende hai anos son continuas as colas para acceder ao IFEVI e á capacidade do recinto é moi superior á dos accesos, que deben ser ampliados polas administracións competentes: o Ministerio de Transportes no que se refire á autoestrada AP9 e ás estradas N555 (Redondela-Peinador) e N556 (N555-Aeroporto de Vigo) e polo Concello nos viais municipais.

É preciso tamén reforzar o transporte urbano colectivo de viaxeiros. Só hai unha liña de autobús con frecuencias de media hora e que non é directa, efectúa máis de quince paradas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a Adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a proxectar, licitar e executar as obras de mellora e ampliación dos accesos ao IFEVI dende a AP9 e as estradas N-555 e N-556.

2º.- Instar ao goberno local a executar as obras de ampliación da Avenida do Aeroporto e da Avenida do Tranvía para dotar ao IFEVI duns accesos para dar servizo ao recinto feiral en coordinación co Ministerio de Transportes.

3º.- Instar ao goberno local a reforzar o servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros con maiores frecuencias e liñas directas ao recinto feiral do IFEVI.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.05.2021 (Rex. Nº 2952/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

### FORMULACIÓN DE ROGOS.

**13.(100).** Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, que se atenda a petición dunha ducia de colectivos e entidades de Teis para seren



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 22 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

informados do proxecto de biblioteca municipal comprometida para o barrio e que se axilice a súa posta en marcha.

**14.(101).** Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes, rogamos que o público do Pleno do Concello de Vigo, con aforo limitado e coas medidas de seguridade sanitaria que sexan necesarias, poida retornar ao Salón de Plenos do Concello de Vigo.

**15.(102).** Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, os traballos de mantemento do túnel de Beiramar que se realizan durante a mañá do domingo, prégolle que se fagan na noite do domingo ao luns, ou na noite do luns ao martes, como se facía antes, para evitar trastorno ás empresas de transporte ao Porto.

### FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**16.(103).** Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, ¿que medidas concretas ten adoptado ou vai adoptar o Goberno municipal para investigar a fondo o acontecido na suspensión do concerto de Andrés Suárez no Festiva Terraceo, depurar responsabilidades e garantir o estrito cumprimento das medidas preventivas fronte á Covid en tódolos eventos organizados polo Concello?.

**17.(104).** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa, ¿cando ten pensado o Goberno local levar o borrador do novo PXOM á aprobación inicial a este Pleno?.

**18.(105).** Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, ¿ Sra. Espinosa, cal foi o seu papel e que medidas tomou, como concelleira de Seguridade, na noite do 14 de maio, no concerto de Andrés Suárez, no que se trasladou a xente dende a terraza á sala do auditorio, incumplindo toda a normativa?.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Maio  
 Legislatura: Mandato 2019-2023  
 Órgano : Pleno  
 Fecha Inici: Miércoles, 26 de Mayo de 2021 09:11:02  
 Fecha Fin : Miércoles, 26 de Mayo de 2021 12:32:05  
 Duración : 03:21:03

- HTML

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3077](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3077)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 23 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Media -----

[1] MP4 Video (H264) 1280x720 16:9, 2.2 GiB (Video)

SHA512 -  
3468dde396ecf860541e938fae3c0d4360e652fb57a44a10e1c769e705b9f2920ca6d26  
d26fd5f70f1b7417792669b1246a0985c1262342912a4ceda8043ea46

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Rivas González, Ángel; Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Lago Barreiro, María del Carmen; Fernández Pérez, José Manuel; Iglesias González, Ana Laura; Marco González Castillo, Jesús; Méndez Fuentes, Oriana; Rodríguez Calviño, Patricia; Caballero Álvarez, Abel; Riesgo, José; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Losada Álvarez, Abel; Lopéz Font, Carlos; Aneiros Pereira, Jaime; Blanco Iglesias, María Eugenia;Gómez Díaz, Gorka; Aguiar Castro, Yolanda; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Pérez Correa, Rubén; Pérez Igrexas, Xabier; López Román, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María.

00:00:22 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:30 : 1. Actas anteriores: (Ordinaria do 28.04 e extraordinaria e urxente do 4.05.2021).

00:00:49 : 2. Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 1º trimestre do 2021, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 182/143 (Rexistro Pleno 2931/1101)

00:01:08 - Aneiros Pereira, Jaime

00:06:03 - Caballero Álvarez, Abel

00:06:11 - Pérez Iglesias, Xabier

00:08:11 - Caballero Álvarez, Abel

00:08:15 - Pérez Correa, Rubén

00:13:22 - Caballero Álvarez, Abel

00:13:27 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:18:30 - Caballero Álvarez, Abel

00:18:37 - Aneiros Pereira, Jaime

00:19:34 - Caballero Álvarez, Abel

00:19:45 - Aneiros Pereira, Jaime

00:21:43 - Caballero Álvarez, Abel

00:22:03 - Minuto de silencio violencia machista

00:23:04 - Caballero Álvarez, Abel

00:23:08 : 3. Moción do concelleiro membro non adscrito, sobre as peaxes das autovías galegas. Rexistro Pleno 2946/1101.

00:23:25 - Pérez Iglesias, Xabier

00:25:35 - Espinosa Mangana, Elena

00:25:39 - Pérez Correa, Rubén

00:30:58 - Espinosa Mangana, Elena

00:31:09 - Gonzalez Castillo, Jesús Marco

00:35:18 - Caballero Álvarez, Abel

00:35:42 - Gonzalez Castillo, Jesús Marco

00:36:16 - Espinosa Mangana, Elena

00:36:19 - Caride Estévez, María José

00:41:32 - Espinosa Mangana, Elena

00:41:39 - Pérez Iglesias, Xabier

00:42:53 - Espinosa Mangana, Elena



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 24 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- 00:43:04 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 00:43:43 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:44:09 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:44:21 - Votación [9:55:37]  
 00:44:45 - Presentes : 36 | No Afiliados : 36
- 00:45:17 : 4. Moción do grupo municipal Mixto, a favor da liberalización das patentes das vacinas contra a COVID. Rexistro Pleno 2944/1101.  
 00:45:39 - Méndez Fuentes, Oriana  
 00:50:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 00:50:12 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:52:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 00:52:38 - Egerique Mosquera, Teresa  
 00:57:43 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:57:48 - Losada Alvarez, Abel Fermín  
 01:03:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:03:27 - Méndez Fuentes, Oriana  
 01:06:43 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:06:53 - Egerique Mosquera, Teresa  
 01:06:55 - Méndez Fuentes, Oriana  
 01:07:08 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:07:24 - Votación [10:18:13]
- 01:07:42 : 5. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a consignar o triplo da cantidade que en cada momento se estableza como asignación a Santiago de Compostela pola súa condición de capital de Galicia. Rexistro Pleno 2947/1101.  
 01:08:00 - López Font, Carlos  
 01:13:08 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:13:11 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:15:16 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:15:21 - Pérez Correa, Rubén  
 01:20:30 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:20:37 - Egerique Mosquera, Teresa  
 01:25:40 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:25:45 - López Font, Carlos  
 01:28:55 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:29:12 - Votación [10:40:22]
- 01:29:32 : 6. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia á emisión do preceptivo informe que permita a execución polo Concello de Vigo das obras de modernización e ampliación da estación de tratamento de auga potable (ETAP) de O Casal. Rexistro Pleno 2948/1101.  
 01:29:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:35:17 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:35:21 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:37:26 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:37:30 - Pérez Correa, Rubén  
 01:42:30 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:42:33 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 01:47:36 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:47:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:50:55 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:51:35 - Votación [11:02:44]
- 01:51:52 : 7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a iniciar unha rolda de contactos e consultas cos concellos de Galicia para que presenten as súas manifestacións de interese dos proxectos a executar no contexto dos Fondos Next Generación e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 25 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 2949/1101.
- 01:52:10 - Aguiar Castro, Yolanda  
 01:57:16 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:57:21 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:59:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:59:35 - Pérez Correa, Rubén  
 02:04:32 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:04:36 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 02:09:19 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:09:21 - Aguiar Castro, Yolanda  
 02:12:47 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:13:09 - Votación [11:24:16]
- 02:13:26 : 8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia que modifique a normativa reguladora da Renda de Inclusión Social de Galicia, co obxecto de facela complementaria e compatible co Ingreso Mínimo Vital. Rexistro Pleno 2950/1101.
- 02:13:43 - Aguiar Castro, Yolanda  
 02:18:50 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:18:53 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:21:06 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:21:10 - Méndez Fuentes, Oriana  
 02:25:22 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:25:29 - Lopez Roman, Patricia  
 02:29:32 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:29:34 - Aguiar Castro, Yolanda  
 02:33:06 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:33:25 - Votación [11:44:36]
- 02:33:48 : 9. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a comprometer a execución do Instituto de Navia e a redactar o proxecto de xeito inmediato para garantir que Navia poda contar cun instituto no menor prazo posible. Rexistro Pleno 2951-1101
- 02:34:05 - Caride Estévez, María José  
 02:39:16 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:39:22 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:41:30 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:41:37 - Pérez Correa, Rubén  
 02:46:47 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:46:53 - Egerique Mosquera, Teresa  
 02:51:52 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:51:56 - Caride Estévez, María José  
 02:55:17 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:55:44 - Votación [12:06:56]
- 02:55:50 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 19.04 ao 17.05.2021. Expte. 1022/1102 (Rexistro Pleno 2941/1101).
- 02:55:58 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 19.04 ao 17.05.2021. Expte. 1023/1102 (Rexistro Pleno 2942/1101).
- 02:56:10 : 12. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando a Ministerio de Transportes e ao goberno local a executar as obras de ampliación da Avda. do Aeroporto e da Avda. do Tranvía para dotar ao IFEVI duns accesos para dar servizo, así como a reforzar o servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros. Rexistro Pleno 2952/1101.
- 02:56:37 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:01:39 - Espinosa Mangana, Elena



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 15/07/2021 10:37

Páxina 26 de 27

Expediente 2979/1101

CSV: 27EBD5-EF3534-DA2E21-V5MW14-C5CCJ4-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

03:01:43 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:04:03 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:04:08 - Pérez Correa, Rubén  
 03:08:47 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:08:51 - Caride Estévez, María José  
 03:14:15 - Caballero Álvarez, Abel  
 03:14:32 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:17:31 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:17:54 - Votación [12:28:59]

03:18:08 : 13. Formulación de rogos.  
 03:18:25 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:18:39 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:18:43 - Méndez Fuentes, Oriana  
 03:18:58 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:19:07 - Marnotes González, Jose Alfonso

03:19:30 : 14. Formulación de preguntas  
 03:19:30 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:19:36 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:19:57 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:19:58 - Pérez Correa, Rubén  
 03:20:15 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:20:29 - Espinosa Mangana, Elena  
 03:21:03 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e trinta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 2/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.  
 am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Abel Caballero Álvarez  
 Elena Espinosa Mangana

José Riesgo Boluda

